



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Enfermería Clínica II		Código	661G01035
Titulación	Grao en Enfermería			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Fernández Fraga, María Ines	Correo electrónico	ines.fernandez.fraga@udc.es	
Profesorado	Fernández Fraga, María Ines Mouriño Castro, Nerea	Correo electrónico	ines.fernandez.fraga@udc.es nerea.mcastro@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.gal/			
Descrición xeral	O propósito desta materia é capacitar ao estudante para identificar as alteracións de saúde nas persoas adultas, as súas consecuencias a nivel persoal, familiar e comunitario; planificar e avaliar os cuidados de enfermaría, adaptándoos ao ámbito de actuación profesional, sendo o obxectivo dos cuidados alcanzar o maior grao de independencia das persoas.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A34	Coñecer as alteracións de saúde do adulto, identificando as manifestacións que aparecen nas distintas fases.
A35	Identificar as necesidades de coidado derivadas dos problemas de saúde.
A36	Analizar os datos recollidos na valoración, priorizar os problemas do paciente adulto, establecer e executar o plan de cuidados e realizar a súa avaliación.
A37	Realizar as técnicas e procedementos de cuidados de enfermaría, establecendo unha relación terapéutica cos enfermos e familiares.
A38	Seleccionar as intervencións encamiñadas a tratar ou previr os problemas derivados das desviacións de saúde.
A39	Ter unha actitude cooperativa cos diferentes membros do equipo.
A60	Coñecer os cuidados paliativos e control da dor para prestar cuidados que alivien a situación dos enfermos avanzados e terminais.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo.
B8	Capacidade de análise e sínteses.
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
B11	Capacidade e habilidade de xestión da información.
B12	Capacidade para organizar e planificar.
B13	Toma de decisións.
B15	Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.
B16	Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.
B19	Coñecementos de informática relativos ao ambiente de estudio.
B24	Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.



C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
C10	CB2.- Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C11	CB3.- Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C12	CB4.- Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Identificar as alteracións de saúde da persoa adulta: factores que inflúen, mecanismos fisiopatolóxicos, manifestacións, métodos diagnósticos e tratamentos médicos e cirúrxicos específicos.	A34	B1 B3 B4 B6 B9
Identificar as necesidades de coidado en persoas adultas con problemas de saúde e os derivados de tratamentos, probas diagnósticas e procedementos terapéuticos.	A34 A35	B1 B3 B4 B5 B6 B7 B9 B11 B15 B16 B24	C1 C3 C4 C6 C11
Identificar os diagnósticos de enfermía e complicacións potenciais en persoas adultas con problemas de saúde e os derivados de tratamentos, probas diagnósticas e procedementos terapéuticos.	A34 A35 A36	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 B11 B13 B15 B16 B19 B24	C1 C3 C4 C6 C8 C10 C11 C12



Planificar cuidados de enfermería as persoas adultas con problemas de saúde e os derivados de tratamentos, probas diagnósticas e procedementos terapéuticos.	A34	B1	C1
	A35	B2	C3
	A36	B3	C4
	A37	B4	C6
	A38	B5	C7
	A39	B6	C8
		B7	C10
		B8	C11
		B9	C12
		B11	
		B12	
		B13	
		B15	
		B16	
	B19		
	B24		
Identificar as necesidades específicas de cuidados ás persoas con enfermidade avanzada e terminal e as súas familias e planificar cuidados de enfermería	A34	B1	C4
	A35	B2	C10
	A36	B3	C11
	A37	B8	
	A38	B9	
	A60	B13	

Contidos	
Temas	Subtemas
Unidade didáctica VI: Atención de enfermería ás persoas con trastornos da función endócrina e metabólica.	<p>Recordo anatomo-fisiolóxico.</p> <p>Atención de enfermería as persoas con:</p> <ul style="list-style-type: none"> Diabetes mellitus. Trastornos da hipófise. Trastornos da glándulas suprarrenais. Trastornos de tiroide. Trastornos de paratiroide.
Unidade didáctica VII: Atención de enfermería ás persoas con trastornos da función dixestiva.	<p>Recordo anatomo-fisiolóxico.</p> <p>Síntomas e signos.</p> <p>Métodos de diagnóstico.</p> <p>Atención de enfermería as persoas con:</p> <ul style="list-style-type: none"> Trastornos gástricos e duodenais. Trastornos intestinais e rectais. Trastornos hepáticos. Trastornos biliareis. Trastornos pancreáticos.
Unidade didáctica VIII: Atención de enfermería ás persoas con trastornos da función muscular e esquelética.	<p>Atención de enfermería as persoas con:</p> <ul style="list-style-type: none"> Alteracións traumáticas do aparello locomotor. Trastornos dexenerativos do aparello locomotor. Trastornos inflamatorios do aparello locomotor. Trastornos infecciosas do aparello locomotor.
Unidade didáctica IX: Atención de enfermería ao paciente queimado.	<p>Concepto, tipos de lesión por queimadura, clasificación. Valoración.</p> <p>Atención extrahospitalaria e hospitalaria. Tratamento.</p> <p>Plan de cuidados estandarizado para as persoas con queimaduras.</p>



Unidade didáctica X: Atención de enfermería ás persoas en situación de enfermidade avanzada e terminal.	<p>Fundamentos dos Coidados Paliativos</p> <p>Visión social da morte</p> <p>Comunicación co paciente terminal e a súa familia</p> <p>Coidados de Enfermería no paciente terminal.</p> <p>Control de síntomas.</p> <p>Vías e técnicas de administración de fármacos.</p> <p>A agonía.</p> <p>O duelo.</p>
---	--

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A34 A35 A36 A37 A38 A39 A60 B6 B7 B8 B9 B12 B15 B16 B19 B24 C3 C4 C8 C10 C11	20	20	40
Análise de fontes documentais	A34 A35 A36 A37 A38 A39 A60 B1 B3 B4 B6 B11 B16 B24 C4 C6 C7 C10 C11	1	5	6
Estudo de casos	A34 A35 A36 A37 A38 A39 A60 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B15 B16 B19 B24 C1 C3 C4 C6 C7 C10 C11 C12	20	20	40
Traballos tutelados	A34 A35 A36 A37 A38 A39 B1 B2 B3 B4 B5 B8 B11 B12 B19 C1 C3 C6 C7 C8 C10 C11	1	13	14
Proba mixta	A34 A35 A36 A37 A38 A39 A60 B2 B3 B5 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B16 B24 C1 C4 C10 C12	2	46	48
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.



Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfronta ante a descrición dunha situación específica de saúde que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de estudantes, a través dun proceso de discusión. O alumnado sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo. O procedemento de ensino-aprendizaxe nesta metodoloxía está orientado a unha aprendizaxe de tipo colaborativa, con unha organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-tutor. O traballo tutelado realízase en pequeno grupo, ten unha orientación de aprendizaxe colaborativa.
Proba mixta	Integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas referidas aos contidos desenvolto a través das distintas metodoloxías durante o curso. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Nas preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais Traballos tutelados Sesión maxistral Proba mixta Estudo de casos	A docente realizará atención personalizada a cada estudante para seguimento, consultas, orientación do estudio e elaboración de traballos. O espazo de comunicación será a tutoría presencial, virtual síncrona (Teams) e asíncrona (Moodle e correo-e)

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A34 A35 A36 A37 A38 A39 B1 B2 B3 B4 B5 B8 B11 B12 B19 C1 C3 C6 C7 C8 C10 C11	A realización dos traballos tutelados é de carácter grupal. A avaliación inclúe o desenvolvemento do traballo cooperativo no grupo coa valoración de competencias específicas e transversais. Farase tendo en conta, fundamentalmente, o razoamento diagnóstico e terapéutico: selección de datos recollidos na valoración, identificación de problemas (DdE e CP) e prioridades, selección de resultados (NOC) e intervencións de enfermería (NIC).	20
Proba mixta	A34 A35 A36 A37 A38 A39 A60 B2 B3 B5 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B16 B24 C1 C4 C10 C12	Realizarase unha proba escrita coincidindo coa data oficial do exame da materia. As probas constarán de preguntas curtas e/ou tipo test, relacionadas con contidos teóricos, lecturas, estudio de casos e traballos tutelados.	50



Estudo de casos	A34 A35 A36 A37 A38 A39 A60 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B15 B16 B19 B24 C1 C3 C4 C6 C7 C10 C11 C12	Desenvolverase de xeito individual e en grupo de traballo. As e os estudantes resolverán situacións de saúde descritas nos casos clínicos. No desenvolvemento desta metodoloxía avaliarase a adquisición de competencias específicas e transversais. Na valoración inclúese a capacidade para relacionar o coñecemento xeral con problemas concretos, a capacidade de análise, a comprensión da situación e a idoneidade das solucións formuladas, a asistencia e participación activa na aula e nos grupos de traballo. No desenvolvemento da metodoloxía inclúense probas escritas presenciais de resolución de casos clínicos. A nota final da metodoloxía será a suma das cualificacións das probas e do desenvolvemento da e do estudante na actividade individual e de grupo.	30
-----------------	---	--	----

Observacións avaliación

A aplicación das

porcentaxes na avaliación final quedará suxeita a que todas as metodoloxías que computen na avaliación sexan superadas. A asistencia a clase será considerada un valor positivo na avaliación sempre que supere o 85% do total de horas presenciais.

Na presentación da materia informárase en detalle dos criterios de avaliación.

2ª oportunidade: os criterios de avaliación da 2ª oportunidade serán os mesmos que os da primeira oportunidade. A proba mixta e de estudo de casos realizarase coincidindo coa data oficial do exame da materia da 2ª oportunidade. O traballo tutelado deberá realizarse de forma individual e a data de entrega establecerase no período de avaliación da 2ª oportunidade.

Adianto de oportunidade: Proba mixta 100%. Inclúe preguntas relativas o desenvolvemento dos contidos, traballos tutelados e resolución de estudo de casos.

Estudantes con matrícula parcial: As metodoloxías e porcentaxes serán as mesmas. Na metodoloxía de estudo de casos, os estudantes deberán realizar a entrega da resolución dos casos propostos e as probas escritas presenciais durante o curso. O traballo tutelado desenvolverase de xeito individual ou grupal, segundo o acordo co/a estudante.

A realización

fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: a/o estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose preciso.

Fontes de información



Bibliografía básica

- SMELTZER SC, BARE BG, HINKLE JL. (2013). BRUNNER Y SUDDARTH. Enfermería Médico-Quirúrgica (2 vol.). Barcelona: Lippincott-Williams
- N.A.N.D.A. Internacional (2021). Diagnósticos enfermeros: Definiciones y clasificación 2018-2020. Barcelona: Elsevier
- MOORHEAD S, SWANSON E, JOHNSON M (2024). Clasificación de Resultados de Enfermería (NOC). Barcelona: Elsevier
- LEWIS SM, HEITKEMPER MM, DIRKSEN SR. (2004). Enfermería Medicoquirúrgica. Valoración y Cuidados de Problemas Clínicos (2 vol.). Madrid: Elsevier-Mosby
- WAGNER CM, BUTCHER HK, CLARKE MF. (2024). Clasificación de Intervenciones de Enfermería (NIC).. Barcelona: Elsevier
- LUIS RODRIGO MT. (2013). Diagnósticos Enfermeros. Revisión y guía práctica. Barcelona: Elsevier Masson
- SEIDEL HM, BALL JW, DAINS JE, FLYNN JA, SOLOMON BS, STEWART RW (2011). Exploración Física. Barcelona: Elsevier
- MORILLO RODRIGUEZ J, FERNANDEZ AYUSO D (2016). Enfermería Clínica I. Cuidados generales y especialidades médico-quirúrgicas. Barcelona: Elsevier
- <http://www.fisterra.com/> (). .
- Enfermería Clínica (). .
- Metas de Enfermería (). .
- Nursing (). .
- Rol de Enfermería (). .
- Enferoteca (). .
- <http://061.sergas.es> (). .
- Grupo de trabajo de la Guía de Práctica Clínica sobre atención paliativa al adulto en situación de ú (2021). Guía de Práctica Clínica sobre atención paliativa al adulto en situación de últimos días. Madrid: Ministerio de Sanidad; Santiago de Compostela: Agencia de Conocimiento en Salud (ACIS). Unid
- MINISTERIO DE SANIDAD (2021). Cuidados paliativos. Guía para Atención Primaria . Madrid: Instituto Nacional de Gestión Sanitaria
- ASTUDILLO W, MENDINUETA C, ASTUDILLO E. (2008) (2008). Cuidados del enfermo en el final de la vida y atención a su familia. Pamplona: Eunsa
- BAYÉS R (2006). Afrontando la vida, esperando la muerte. Madrid: alianza editorial
- GÓMEZ SANCHO M (2005). Morir con Dignidad. Madrid: Arán Ediciones SL
- GONZÁLEZ BARÓN M (2007). Tratado de Medicina Paliativa y tratamiento de soporte del paciente con cáncer. Madrid: Médica Panamericana
- KÜBLER ROSS E (1989). Sobre la muerte y los moribundos. Barcelona: Grijalbo
- LÓPEZ IMEDIO, E (2003 reimp). Enfermería en cuidados paliativos. Madrid: Médica Panamericana
- SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CUIDADOS PALIATIVOS (SECPAL) (). Guía de Cuidados Paliativos. [en línea]. [S.I.]: SECPAL, [s.a.]. Disponible en: <http://www.secpal.com/guiacp/index.php>.
- BRUERA E, LIMA L (). Cuidados paliativos. Guías para el manejo clínico . [en línea]. [S.I.]: ORGANIZACIÓN PANAMERICANA DE LA SALUD, [s.a.]. Disponible en: <http://www.paho.or>.
- NAVARRO CAMPOAMOR, JUAN (2009). Cuidados Paliativos: guía práctica . Madrid : Médica Panamericana
- EDUARDO BRUERA (2010). Cuidados paliativos: guías para el manejo clínico . Washington, D.C. : Organización Panamericanana de la Salud
- Jiménez López, F. R., Román López,, P., & Díaz Cortés, M. D. M (2017). Cuidados de Enfermería en situaciones complejas de salud. Proceso oncológico, cuidados paliativos, muerte y duelo. Editorial: Universidad de Almería
- Cabodevilla Eraso I. (2014). Guía no farmacológica de atención en enfermedades avanzadas: Cuidados paliativos integrales. Editorial: Desclée de Brouwer.
- Trujillo Garrido, N. (2015). Cuidados paliativos. . Dextra Editorial.
- Martín-Romo Mejías, J. (Coord.). (2018). Cuidados paliativos 2a. ed.. Editorial ICB

Bibliografía complementaria



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía/661G01001
Bioloxía/661G01002
Psicoloxía/661G01003
Sistemas da información e comunicación en ciencias da saúde/661G01004
Bases para a interpretación do coñecemento científico/661G01008
Nutrición/661G01009
Farmacoloxía/661G01011
Situacións de risco para a saúde e Radioloxía/661G01013
Estancias Clínicas I/661G01025
Enfermaría Clínica I/661G01034
Fisioloxía/661G01105
Fundamentos de Enfermaría/661G01107

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Enfermaría Comunitaria I/661G01014
Enfermaría da Saúde Mental/661G01015
Ética profesional, marco legal e filosofía do coidado/661G01016
Estancias Clínicas II/661G01026

Materias que continúan o temario

Enfermaría clínica III/661G01017
Enfermaría Comunitaria II/661G01019
Enfermaría Xerontolóxica/661G01020
Farmacoterapia/661G01024
Estancias Clínicas III/661G01027
Estancias Clínicas IV/661G01028
Estancias Clínicas V/661G01029
Practicum/661G01032

Observacións



Esta materia ten en conta as

recomendacións de SOSTENIBILIDADE DO MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE

DE XENERO: A entrega de documentación da

actividade solicitada realizarase en formato dixital, a través de

Moodle, se non se especifica outro

medio. Na realización de traballos, o

plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través

de Internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o

permiso do seu autor/a, poderá ser considerado causa de cualificación de

suspense na actividade. Teranse en conta os principios

éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais

e profesionais. Atendendo ás distintas normativas

de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia terase en

conta a perspectiva de xénero, velando pola non utilización dunha

linguaxe sexista na aula, nos documentos desenvolvidos na materia e nas

actividades clínicas realizadas co alumnado. Traballarase para identificar e

modificar prexuízos e actitudes sexistas na aula ou no contexto clínico,

influíndo na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e

igualdade. Prestarase especial atención en

detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións

e medidas para corrixilas. Facilitarase a plena integración

do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais,

experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida

universitaria. MATERIAL DE ENSINO: Tanto o material utilizado na aula, como o dispoñible no Campus Virtual e o EQUIPO da materia están

protexidos pola Lei de Propiedade Intelectual (Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido de).

A Lei de Propiedade Intelectual), e pon a disposición dos estudantes matriculados na materia, exclusivamente para o seu uso persoal, calquera extracción

destes materiais para polos a disposición de terceiros por calquera outro medio (fotocopiadora, correo electrónico, páxinas web, etc.), é un acto

ilícito que levará as medidas legais e disciplinarias pertinentes, sendo considerado unha falta grave ou moi grave de acordo co Regulamento de

Disciplina de Estudantes da Universidade de Coruña e unha infracción grave ou moi grave da Lei de Propiedade Intelectual.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías